XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO RELATIVO AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MUSEOS E OUTROS CENTROS MUSEÍSTICOS DE GALICIA

Solicitante: Consellería de Cultura e Turismo. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 2019/078

FEITOS

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo solicítalle a esta Secretaría Xeral que emita informe de impacto de xénero relativo ao Anteproxecto de Lei de Museos e Outros Centros Museísticos de Galicia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 PERTINENCIA DO INFORME

Segundo o disposto no artigo 7 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (en diante, Decreto lexislativo 2/2015), "Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. Se non se acompaña ou se se trata dunha proposición de lei presentada no Parlamento galego, este requirirá, antes da discusión parlamentaria, a súa remisión á Xunta de Galicia, quen ditaminará no prazo dun mes; transcorrido este prazo a proposición seguirá o seu curso".

Do citado precepto despréndese a obrigatoriedade de valorar con carácter previo ao debate parlamentario calquera iniciativa lexislativa para determinar se a súa posta en práctica afectará de forma diferente a mulleres e homes, co fin de adaptalas para neutralizar os posibles efectos discriminatorios e fomentar a igualdade, integrando deste xeito o principio de transversalidade.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

O obxecto do anteproxecto de lei que se somete a informe é, tal e como indica o seu artigo 1, regular o réxime xurídico dos museos e outros centros museísticos de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia, e establecer o Sistema Galego de Centros Museísticos.

Para os efectos da lei, constitúen "centros museísticos": os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural, que se conciben como servizos públicos, nos que se desenvolva a súa dimensión social, científica, pedagóxica e económica.

O anteproxecto prevé que todos os centros museísticos estean inscritos no Rexistro Xeral de Centros Museísticos, e a partir desta integración recibirán axuda económica e técnica da Consellería con competencia na materia, e establécense sinerxías para a creación de redes e para compartir fondos e depósitos. Tamén se crea unha infraestrutura administrativa, entre a que cómpre destacar, polo seu carácter de órgano colexiado, o Consello de Centros Museísticos de Galicia, e máis un órgano administrativo de dirección.

O contido da norma implica a conveniencia de analizar neste informe as seguintes cuestións: a incorporación da perspectiva de xénero; a composición equilibrada dos órganos colexiados; a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística e a utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

2 INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

I A necesidade de incorporar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas queda xa patente no Tratado da Comunidade Europea (TCE), que recoñece a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e considera como misión da Comunidade a consecución da igualdade de xénero:

"A unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)". Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

No ámbito estatal a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (artigos 14 e 15) así como, no caso galego, o citado Decreto lexislativo 2/2015, reiteran o mandato de transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.

Segundo establece o artigo 5.1 do citado Decreto lexislativo 2/2015, "Coa dobre finalidade de promover a igualdade e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes, a Xunta de Galicia integrará a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, na execución e no seguimento de todas as políticas e de todas as accións desenvolvidas no exercicio das competencias asumidas de conformidade coa Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia".

En virtude deste mandato de presenza transversal de loita contra as desigualdades, débese procurar que todas as normas emitidas, na medida do posible e se o obxecto da materia o fai procedente, inclúan explicitamente a incorporación da perspectiva de xénero.

II En concreto, no ámbito da cultura, a dita Lei orgánica 3/2007 dedícalle o seu artigo 26 á igualdade no ámbito da creación e produción artística e intelectual, establecendo que:

> "1. As autoridades públicas, no ámbito das súas competencias, velarán por facer efectivo o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes en todo o relativo á creación e produción artística e intelectual e á difusión da mesma.
> 2. Os distintos organismos, axencias, entes e demais estruturas das administracións públicas que de forma directa ou indirecta configuren o sistema de xestión cultural, desenvolverán as seguintes actuacións:
> a) Adoptar iniciativas destinadas a favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural e/ou difusa.
> b) Políticas activas de axuda á creación e produción artística e intelectual de autoría feminina, traducidas en incentivos de natureza económica, co obxecto de crear as condicións para que se produza unha efectiva igualdade de oportunidades.
> c) Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes na oferta artística e cultural pública.
> d) Que se respecte e se garanta a representación equilibrada nos distintos órganos consultivos, científicos e de decisión existentes no organigrama artístico e cultural.
> e) Adoptar medidas de acción positiva á creación e produción artística e intelectual das mulleres, propiciando o intercambio cultural, intelectual e artístico, tanto nacional como internacional, e a subscrición de convenios cos organismos competentes.
> f) En xeral e ao amparo do artigo 11 da presente Lei, todas as accións positivas

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

necesarias para corrixir as situacións de desigualdade na produción e creación intelectual artística e cultural das mulleres".

Pola súa banda, a nivel autonómico, o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 (en diante, VII Plan de igualdade de Galicia), pon de manifesto que "O mundo das artes, da creación e da produción intelectual continúan a ser ámbitos nos que as mulleres seguen a estar subrepresentadas, nos que a presenza feminina non acaba de visibilizarse, e nos que se evidencian fortes barreiras para permanecer na actividade profesional". Deste xeito, o Plan prevé, entre os seus obxectivos específicos, o Obxectivo Específico 5.7: "Reforzar o principio de igualdade de xénero no ámbito da cultura e da produción artística e intelectual", e establece tres medidas concretas para acadalo, aplicables ao texto do anteproxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia:

"2.5.7.1 Fortalecemento das accións de visibilización das cuestións de xénero nos fondos documentais e artísticos das institucións de Galicia.

2.5.7.2 Posta en marcha de accións de visibilización das achegas realizadas polas mulleres nos ámbitos literario, musical, cinematográfico, audiovisual e artístico.

2.5.7.3 Realización de análises e estudos da presenza e situación das mulleres no ámbito da cultura e da produción artística e intelectual".

III Ademais, a integración transversal do principio de igualdade por razón de xénero esixe, non só visibilizar e poñer en valor as achegas realizadas polas mulleres á historia da humanidade conservada nos museos, senón tamén, desde outra perspectiva, velar pola transmisión de imaxes igualitarias, non estereotipadas e que amosen a diversidade de mulleres e de homes. Tal e como recolle o artigo 13 do Decreto lexislativo 2/2015, a Xunta de Galicia, non só a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica, senón tamén a través daqueles en que participe ou aos cales subvencione, garantirá, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade (...)". Para iso, garantirase, entre outros aspectos, a utilización non sexista da linguaxe e/ou das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

Neste mesmo sentido, o VII Plan de igualdade de Galicia sinala como unha das prioridades de actuación do goberno autonómico "Consolidar o uso da linguaxe e imaxes inclusivas", posto que

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

"Unha gobernanza renovada, que aposte claramente pola integración do principio de igualdade de mulleres e homes, debe reflectirse nunha comunicación institucional que utilice unha linguaxe e imaxes inclusivas. A proxección da administración galega no conxunto da sociedade a través dos seus contidos comunicacionais ten que basearse no uso dunha linguaxe, mensaxes e contidos visuais que contribúan á transformación social, afastados de estereotipos sexistas configurados a partir dunha asignación de roles e valores diferenciados en función do sexo".

IV O anteproxecto de lei incorpora a igualdade de xénero de xeito expreso nos artigos 3, 4 e 5, ao incluír entre as funcións dos museos, das coleccións museográficas e dos centros de interpretación do patrimonio cultural: "Promover o respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero", o cal debe ser obxecto dunha valoración positiva.

Sen prexuízo desta valoración positiva, a continuación efectúanse unha serie de indicacións para unha mellor integración da perspectiva de xénero nas materias obxecto de regulación no anteproxecto de lei:

1 Visibilización das cuestións de xénero e das achegas realizadas polas mulleres dentro do Sistema Galego de Centros Museísticos

No artigo 9 do anteproxecto regúlanse as funcións que lle corresponden á consellería competente en materia de centros museísticos, como órgano de dirección e coordinación do Sistema Galego de Centros Museísticos, e entre elas destacan as seguintes:

> "a) Deseñar e planificar a política museística da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas prioridades".
>
> "l) Impulsar os labores de documentación, investigación e difusión do patrimonio cultural".

No artigo 25 defínese a colección museística e sinálase no último apartado que:

> "A Administración autonómica decidirá, motivadamente, a formación e ordenación das coleccións estables dos museos da súa titularidade".

Á hora de deseñar e planificar a política museística da Comunidade Autónoma de Galicia, así como na formación e ordenación das coleccións estables dos museos de titularidade da Administración

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

autonómica, deberá terse en conta a necesidade de favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural e/ou difusa, así como de visibilizar as cuestións de xénero e as achegas realizadas polas mulleres nos fondos do Sistema Galego de Centros Museísticos.

Así, proponse visibilizar o legado e a importancia das achegas das mulleres ao patrimonio cultural galego, como elemento transversal en todos os fondos e en todas aquelas exhibicións, actividades e exposicións, tanto temporais como permanentes, que se organicen. Isto supón, entre outras cuestións, poñer en valor as obras cuxas autoras sexan mulleres, recuperar a memoria das mulleres, tanto na historia como na actualidade; abordar os roles sociais femininos en relación cos contextos históricos nos que se produciron e coas realidades e problemáticas máis actuais, etc.

2 Utilización da imaxe e linguaxe inclusiva e non sexista

Ao longo do articulado do texto faise referencia en varias ocasións á función divulgativa, educadora, investigadora e comunicativa que se lle atribúe aos centros museísticos.

Así, prevense nos artigos 3.2, 4.2 e 5.3, entre as funcións dos museos, das coleccións museográficas e dos centros de interpretación do patrimonio cultural:

> "A organización periódica de exposicións científicas e divulgativas de carácter temporal".
>
> "A elaboración e publicación de catálogos e monografías dos seus fondos".
>
> "A difusión e divulgación dos seus fondos, así como o desenvolvemento de actividades didácticas e formativas respecto aos seus contidos".

O artigo 6 do anteproxecto establece os deberes xerais dos centros museísticos e entre eles recolle:

> "h) Difundir os valores culturais dos bens custodiados".

O artigo 13 regula a creación e cualificación dos museos e coleccións museográficas e no seu apartado 3 establece os requisitos que deben reunir, entre os que figura:

> "m) Dispoñer dunha programación anual de actividades de investigación, conservación e difusión".

Pola súa banda, o artigo 39 regula expresamente a difusión e a comunicación, establecendo que:

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

"1. Os centros museísticos deberán difundir e comunicar á sociedade o significado e os valores dos bens culturais que conservan e investigan, así como do seu contido temático e ámbito territorial.

2. Así mesmo garantirán a accesibilidade aos seus contidos facéndoos comprensibles aos diversos tipos de público mediante a aplicación de estratexias diversificadas de comunicación, a organización de actividades complementarias e a elaboración de medios técnicos e materiais axeitados a este fin".

De acordo co previsto no artigo 13 do Decreto lexislativo 2/2015, así como no VII Plan de igualdade de Galicia, velarase pola transmisión, en todos os contidos, de imaxes igualitarias, non estereotipadas e que amosen a diversidade de mulleres e de homes e que non reproduzan estereotipos e roles sexistas. En consecuencia, procurárase que en todos os instrumentos didácticos e divulgativos, dispositivos de sinalización e información, publicacións, traballos, estudos, documentacións que se realicen, se respecte a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes, así como o emprego dunha linguaxe inclusiva, evitando utilizar de xeito exclusivo o masculino ou fórmulas que invisibilicen á muller ou que a sitúen nun plano secundario. Así mesmo, deberá procurarse a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes implicados.

3 Formación en igualdade e violencia de xénero do persoal dos centros museísticos do Sistema Galego de Centros Museísticos

No artigo 21 do anteproxecto regúlase a dotación e a selección do persoal dos centros museísticos do Sistema Galego de Centros Museísticos, establecendo que:

"1. Todos os centros integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos deberán contar co persoal técnico cualificado nos contidos do centro e no ámbito da museoloxía, en número suficiente para atender as distintas áreas funcionais, e cos recursos humanos doutras categorías profesionais necesarios para o cumprimento dos fins do centro.

2. No caso dos centros de titularidade ou xestión autonómica, as bases das convocatorias de acceso ás categorías de persoal cualificado dos museos integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos deberán ser informadas con carácter preceptivo pola consellería competente en materia de centros museísticos. Nos

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

> tribunais encargados de resolver os procesos de selección figurará obrigatoriamente un técnico de museos profesional de calquera das administracións públicas galegas".

En relación á dotación e á selección do persoal que vai prestar servizos nos centros integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos debe terse en conta a regulación contida no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto á dotación do persoal dos centros museísticos, o Decreto 70/2017 regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero de *todo* o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia así como das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, co fin de reforzar as súas competencias nestas materias e fortalecer a introdución da perspectiva de xénero en todas as áreas de xestión. Para tal efecto, establécense tres niveis de coñecemento en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero: básico, medio e superior, e sinálase que a Administración autonómica adoptará as medidas necesarias para garantir unha formación, tanto básica como especializada, progresiva e permanente do persoal ao servizo nesta materia.

Polo que respecto á selección do persoal dos centros museísticos, a disposición adicional primeira do Decreto 70/2017 refírese ao temario dos procesos selectivos, establecendo que:

> "Os temarios, tanto dos procesos de selección para o ingreso en calquera das categorías ou corpos de persoal recollidos no artigo 2.1 como dos procesos de promoción interna, incluirán contidos relativos ao principio de igualdade de mulleres e homes e á prevención e loita contra a violencia de xénero".

Ademais, a disposición adicional segunda do dito decreto regula a formación en materia de igualdade de xénero para o persoal de novo acceso:

> "A partir da entrada en vigor deste decreto, toda persoa que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, de persoal docente, e de persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde a través dun proceso selectivo, terá que realizar, con carácter

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

obrigatorio e nun prazo non superior aos seis meses, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento previsto no artigo 4.a)".

En consecuencia, os mandatos anteriormente citados previstos no Decreto 70/2017 deberán ser tidos en conta á hora de convocar as probas selectivas do persoal dos centros museísticos, que necesariamente deberán incluír contidos relativos ao principio de igualdade de mulleres e homes e á prevención e loita contra a violencia de xénero e, unha vez seleccionado o dito persoal, este deberá realizar as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento previsto no artigo 4.a) do dito Decreto 70/2017, ou ben validar a formación previamente recibida de acordo coa Orde do 12 de abril de 2019, pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

4 Presenza equilibrada de mulleres e homes nas actividades investigadoras

Xa na exposición de motivos do anteproxecto se fai referencia á necesidade de "reforzar o papel científico e divulgador das institucións museísticas", poñendo de manifesto a súa "función investigadora". Deste xeito a "investigación" e "labor investigadora" prevense nos artigos 3.2, 4.2 e 5.3, entre as funcións dos museos, das coleccións museográficas e dos centros de interpretación do patrimonio cultural.

Ademais, o artigo 38 do anteproxecto regula de xeito específico a investigación:

"1. Os titulares ou xestores dos centros museísticos impulsarán programas de investigación específicos sobre o seu contido e ámbito temático e territorial. Estes programas coordinaranse cos doutros centros museísticos ou centros de investigación.

2. Facilitarase aos investigadores a consulta e estudo dos fondos dos centros museísticos sen menoscabo da seguridade e conservación destes e sen alterar o normal funcionamento do centro e, en todo caso, consonte coas limitacións establecidas pola normativa de aplicación en cada caso".

Coa finalidade de favorecer a promoción específica das mulleres na cultura e a combater a súa discriminación estrutural e/ou difusa, será preciso garantir a paridade e a diversidade por razón de xénero nos labores de investigación que se realicen no ámbito do Sistema Galego de Centros Museísticos, fomentando a participación equilibrada de investigadoras e investigadores, visibilizando

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

por igual o traballo de unhas e de outros e tendo en conta as achegas de equipos técnicos con composición paritaria.

Segundo o indica o VII Plan de igualdade de Galicia, "durante moitos anos a contribución feminina ao talento e ao coñecemento foi invisibilizada e minorizada. É de xustiza que estas mulleres teñan por parte da sociedade un merecido recoñecemento polo seu traballo, polos atrancos superados e polo seu papel como referentes para as nenas e as mozas. O incremento da presenza de mulleres nos ámbitos académico, científico, tecnolóxico e creativo é outro dos obxectivos fundamentais do presente plan".

Polo tanto, asegurar a paridade no ámbito da investigación implicará integrar a visión conxunta de mulleres e homes e permitirá unha efectiva implementación do principio de igualdade de xénero.

5 Criterios de xénero na concesión de subvencións e axudas públicas

Entre os efectos da integración dun centro no Sistema Galego de Centros Museísticos, o artigo 12 do anteproxecto prevé na súa letra a):

> "Participar nas liñas específicas de axudas que poida establecer a consellería competente en materia de centros museísticos dirixidas á creación e ao desenvolvemento de actuacións tendentes a facilitar a conservación, seguridade, documentación ou difusión dos centros".

Dentro do título V do anteproxecto, dedicado ás medidas de dinamización, o artigo 41 fai referencia ás subvencións e axudas públicas:

> "No exercicio das súas competencias, a Xunta de Galicia poderá conceder subvencións e axudas públicas destinadas á creación de centros museísticos, así como a actuacións relativas á conservación, seguridade, documentación ou difusión dos bens que forman parte daqueles."

En relación con esta función cómpre sinalar que, segundo prevé o VII Plan de igualdade, é unha prioridade de actuación nas accións e políticas de Goberno da Xunta de Galicia, "Afianzar o principio de igualdade na actividade contractual e subvencional", mediante a introdución de criterios para a valoración positiva de aspectos favorecedores da igualdade de xénero nas convocatorias de axudas e subvencións públicas.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

Así, á hora de conceder as subvencións e axudas públicas ás que se refire o artigo 41 do anteproxecto deberá terse en conta, tal e como sinala o VII Plan de igualdade, que a actividade subvencional constitúe un poderoso instrumento de acción das administracións públicas para contribuír á igualdade entre os sexos, cun efecto exemplarizante no conxunto da sociedade, para o cal será necesario introducir criterios relacionados coa promoción da igualdade no ámbito subvencional: cláusulas relativas ás condicións de desenvolvemento da actividade –en relación co proxecto obxecto da subvención, da axuda, ou do convenio no seu caso–, á consideración de criterios de igualdade na organización do proxecto –entre o persoal da organización/empresa–, etc.

Estas mesmas consideracións deben terse en conta respecto do artigo 42, que fai referencia á cooperación e colaboración, non só con outras administracións públicas, senón tamén con suxeitos de dereito privado- entre os cales se inclúen empresas-, e respecto do artigo 43, que prevé actuacións de patrocinio.

En relación aos convenios de colaboración con empresas privadas e ás actividades de patrocinio, cómpre ter en conta o dito anteriormente para darlle unha maior prioridade ás empresas comprometidas coa igualdade, a partir da consideración do enfoque de xénero neste eido. Tamén será preciso velar porque se respecte o sinalado no punto 2 en relación á utilización da imaxe e linguaxe inclusiva e non sexista.

6 Presenza de mulleres nos procesos de participación social e nas iniciativas privadas

O anteproxecto de lei que se somete a informe regula no seu artigo 45 a participación social, sinalando que:

> "As Administracións Públicas fomentarán a creación e promoverán o labor das asociacións de amigos de museos e outros centros museísticos galegos, co fin de potenciar e difundir o seu papel na sociedade e facilitar a súa participación nas institucións museísticas".

Tamén se regula no artigo 46 a promoción de iniciativas privadas nos centros museísticos, que posibiliten ofrecerlle á cidadanía servizos culturais de interese xeral e de calidade.

En relación ao anterior é preciso ter en conta que esa participación da cidadanía debe producirse en condicións de igualdade dende o punto de vista do xénero. De acordo con diferentes estudos sobre a materia, é posible afirmar que na actualidade existen aínda obstáculos para a participación real das

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

mulleres nos procesos participativos da cidadanía, debido á división sexual do traballo no fogar ou á falta de tempo por superposición de actividades. Por iso é preciso reformular as ferramentas de intervención e as formas de traballo para garantir a efectiva participación das mulleres en todos os ámbitos da vida social e cultural.

Dentro desa función de fomento que lle corresponde ás administracións públicas suxírese ter en conta o previsto respecto da presenza de mulleres nos procesos de participación social e cidadá, o cal implicará contar nos ditos procesos con asociacións de mulleres, persoal técnico experto en temas de xénero, concellarías, unidades, áreas ou departamentos específicos en materia de igualdade. Ademais, será preciso darlle a estes procesos a maior difusión posible, de forma que poida chegar a todos os colectivos, e non só a aqueles implicados directamente na materia. Ademais, tamén haberá que extraer sempre datos e conclusións desagregados por sexos en calquera proceso participativo.

7 Requisitos das instalacións de uso público

O artigo 13 do anteproxecto regula a creación e cualificación dos museos e coleccións museográficas e no seu apartado 3 establece os requisitos que deben reunir, entre os que figura:

> "l) Cumprir a lexislación aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia en canto a instalacións de uso público."

Neste senso, en canto aos requisitos das instalacións de uso público, proponse que os aseos para homes e mulleres se distribúan nunha proporción tal que o tempo de espera sexa similar, a diferenza do que acontece nestes momentos, no que se dimensionan nun número igual de aseos, o cal provoca un tempo de espera substancialmente superior nos aseos de mulleres.

Así mesmo, a integración efectiva do principio de igualdade no ámbito da xestión dos espazos públicos implica establecer as medidas necesarias para facilitar as tarefas de coidado, que lle corresponden tanto a homes como a mulleres, máis aló da normativa obrigatoria e da eliminación de barreiras arquitectónicas. Polo que tamén debe preverse, naqueles centros nos que sexa necesario, a creación de espazos para a lactancia materna e a alimentación e a hixiene dos bebés, tanto nos aseos de homes como de mulleres.

Ademais destas consideracións respecto das persoas usuarias, tamén deben terse en conta similares previsións respecto das persoas traballadoras, que van prestar servizos neses centros.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

8 Informe de impacto de xénero para os decretos de creación e cualificación dos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural

De acordo co artigo 13.1 parágrafo segundo do anteproxecto de lei:

> "No caso de museos ou coleccións museográficas de titularidade da Comunidade Autónoma, a creación levarase a cabo mediante *Decreto do Consello da Xunta de Galicia*, por proposta da consellería competente en materia de centros museísticos".

A mesma previsión se contén no artigo 14.1 parágrafo segundo para os centros de interpretación do patrimonio cultural:

> "No caso de centros de interpretación do patrimonio cultural de titularidade da Comunidade Autónoma, a creación levarase a cabo mediante *Decreto do Consello da Xunta de Galicia*, por proposta da consellería competente en materia de centros museísticos".

En relación á aprobación do Decreto polo que se cree o museo, colección museográfica ou centro de interpretación do patrimonio cultural de que se trate debe terse en conta que, ao tratarse dunha norma de rango regulamentario, a emisión do informe de impacto de xénero está legalmente prevista no artigo 8 de Decreto lexislativo 2/2015, así como no artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Atendendo á normativa anteriormente citada, suxírese que se valore, como unha posible fórmula para integrar a perspectiva de xénero no ámbito dos centros museísticos de Galicia, a posibilidade de que os decretos de creación destes centros se acompañen sempre do informe de impacto de xénero.

3 COMPOSICIÓN EQUILIBRADA DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DAS ESTRUTURAS PARA A TOMAS DE DECISIÓNS

O artigo 5.2 d) do Decreto lexislativo 2/2015 establece como criterio de aplicación do principio de transversalidade "o fomento dunha participación equilibrada das mulleres e homes na toma de decisións e a elaboración de estratexias para o empoderamento das mulleres".

No mesmo senso, o artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e que consonte á disposición final primeira constitúe regulación das condicións básicas que garanten a igualdade de todas as persoas no exercicio dos dereitos constitucionais, establece que " ... os poderes públicos procurarán atender ao principio de presenza equilibrada de

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

mulleres e homes nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles correspondan".

En concreto, no seu artigo 26.2 a dita Lei orgánica 3/2007 incide na necesidade de que os distintos organismos, axencias, entes e demais estruturas das administracións públicas que de forma directa ou indirecta configuren o sistema de xestión cultural, respecten e garantan a representación equilibrada entre mulleres e homes nos distintos órganos consultivos, científicos e de decisión existentes no organigrama artístico e cultural.

Pola súa banda, a disposición adicional primeira, apartado 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala que "Nos nomeamentos de altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos titulares e membros de órganos de entidades integrantes do sector público autonómico atenderase ao principio de presenza equilibrada".

Ademais, é un obxectivo do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, fomentar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade e incrementar a súa presenza nos ámbitos de decisión e influencia das estruturas sociais, políticas, económicas e profesionais, ao tempo que se potencia o seu liderado.

O anteproxecto de lei crea no seu artigo 10 o Consello de Centros Museísticos de Galicia, como órgano colexiado consultivo en materia de centros museísticos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellería con competencias en materia de centros museísticos, regulando a súa composición, funcións e o seu réxime xurídico.

Para garantir o efectivo cumprimento do mandato de composición equilibrada por razón de sexo no dito consello, proponse incluír un novo parágrafo no artigo 10.2, cunha redacción como a seguinte:

"Na composición do Consello de Centros Museísticos de Galicia atenderase ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes".

Non obstante o anterior, sen prexuízo da presenza equilibrada que debe operar no seo do dito Consello, enténdese que este mesmo principio de composición equilibrada por razón de sexo debe informar con carácter xeral a organización dos centros museísticos e do propio Sistema Galego de Centros Museísticos. Así, dentro da autonomía atribuída no artigo 19 ás persoas titulares ou xestoras dos respectivos centros para fixar a estrutura orgánica e funcional destes, enténdese que se deberán

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

respectar, entre outros principios, os de igualdade e non discriminación, así como o de presenza equilibrada de mulleres e homes.

4 INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA

O artigo 9 do Decreto lexislativo 2/2015 regula expresamente a integración da perspectiva de xénero na actividade estatística do sector público galego, sinalando que: "A totalidade das estatísticas e investigacións con eventual repercusión en cuestións de xénero realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia desagregará os datos en atención ao sexo e en atención ás circunstancias vinculadas ao xénero, como a asunción de cargas parentais e familiares. Da totalidade destas estatísticas e investigacións enviaráselle copia ao órgano competente en materia de igualdade".

No mesmo sentido, os obxectivos informativos do artigo 6 do Plan Galego de Estatística 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, comprenden as metas de información e a obriga de considerar a perspectiva de xénero, establecendo que "todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que recaden datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo".

Actualmente o Instituto Galego de Estatística carece de calquera dato desagregado por sexo en relación aos museos.

En consecuencia, para dar efectivo cumprimento á normativa sinalada e dispor de datos que permitan obter estatísticas desagregadas por sexo respecto deste sector, proponse que, sempre que sexa posible, á hora de recompilar os datos relativos ás materias que son obxecto de regulación na proposición de lei respecto dos museos e demais centros museísticos, tanto dende o punto de vista das persoas que os visitan como dende o punto de vista das persoas titulares, organizadoras dos distintas exposicións temporais, conservadoras, arquiveiras e demais persoas traballadoras en xeral, se recollan os datos desagregados por sexo e incorporando indicadores por razón de xénero, para poder determinar a necesidade de establecer medidas específicas que promovan a integración efectiva da perspectiva de xénero neste ámbito.

Tamén se propón incorporar indicadores por razón de xénero respecto das obras e proxectos que consten nos centros de documentación e arquivos regulados no artigo 35 do anterproxecto de lei, o cal permitirá coñecer o sexo de todas as persoas traballadoras que participen neles, segundo a súa profesión.

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

5 UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE NORMATIVA NON SEXISTA

Os artigos 11 e 12 do Decreto lexislativo 2/2015 e a alínea 11 do artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, determinan a utilización institucional dunha linguaxe non sexista.

O artigo 12 do Decreto lexislativo 2/2015 sinala que "A Xunta de Galicia erradicará, en todas as formas de expresión oral ou escrita, o uso sexista da linguaxe no eido institucional, tanto fronte á cidadanía coma nas comunicacións internas" e o artigo 11 do mesmo texto legal establece o que debe de entenderse por un uso non sexista da linguaxe: "O uso non sexista da linguaxe consiste na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino".

Con carácter xeral, no texto non se observa este principio, xa que se emprega frecuentemente expresións masculinas con carácter exclusivo (cidadáns, autores, investigadores, titulares dos centros museísticos...), que invisibilizan o feminino e o sitúan nun plano secundario respecto do masculino. Suxírese nestes casos empregar formas neutras, máis propias dunha linguaxe inclusiva:

- Na exposición de motivos, cando fala de "todos os cidadáns", proponse empregar a expresión "toda a cidadanía", e cando fala de "autores e artistas destacados", proponse substituílo por "persoas autores e artistas destacadaS", así como empregar "persoas investigadoras externas" ou "persoal investigador externo" en lugar de "investigadores externos".

- No artigo 2, a expresión "En todo caso, esta lei non modifica a titularidade dos ditos bens, sen prexuízo dos dereitos que lle atribúe e das obrigas que lle impón *aos seus titulares* por razón de interese xeral" pode substituírse pola seguinte redacción: "En todo caso, esta lei non modifica a titularidade dos ditos bens, sen prexuízo dos dereitos que lle atribúe e das obrigas que lle impón *ás persoas titulares* por razón de interese xeral".

- No artigo 4 de novo cando fala de "os titulares" e "acceso dos investigadores" pode substituírse por "as persoas titulares" e "aceso do persoal investigador".

- No artigo 16 tamén se propón cambiar "cidadáns" e "os titulares" por "cidadanía" e "as persoas titulares".

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

- Nos artigos 19 e 20 fálase de "os titulares" e "os xestores" que pode substituírse por "as persoas titulares ou xestoras". E tamén no artigo 26, se propón empregar "persoa titular" en lugar de "o titular"

- Nos artigos 27 e 32 en lugar de "director xeral competente en materia de centros museísticos" proponse "persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros museísticos".

- No mesmo artigo 27 proponse cambiar "titulares","terceiros" e "interesados" por "persoas titulares", "terceiras persoas" e "persoas interesadas" respectivamente.

- No artigo 37 "os cidadáns" pode substituírse "a cidadanía", no artigo 38 "os titulares ou xestores" e "aos investigadores" por "persoas titulares ou xestoras" e "persoas investigadoras", segundo o xa indicado.

- No artigo 40 fálase de "autores" e proponse "persoas autoras", "persoa titular" en lugar de "titular" "polas persoas visitantes/que visitan" en lugar de "polos visitantes".

- No artigo 48 proponse "das persoas investigadoras"; no artigo 49 "as persoas propietarias ou titulares de dereitos reais" en lugar de "os propietarios ou titulares" e no artigo 50, en lugar de "os titulares dos centros museísticos serán responsables solidarios", "A persoa titular do centro museístico será responsable solidaria"-

- No artigo 53 "os infractores" pódese substituír por "as persoas infractoras" ou quen sexa infractor; no artigo 55 "do interesado" e "ao presunto responsable" pódese substituír por "da persoa interesada" e "á persoa presuntamente responsable".

Ademais proponse a seguinte redacción alternativa para o artigo 10.2, relativo á composición do Consello de Centros Museísticos de Galicia:

"a) A presidencia, que corresponderá *á persoa titular* da consellería con competencias en materia de centros museísticos.

b) A vicepresidencia, que corresponderá *á persoa titular* da dirección xeral con competencias en materia de centros museísticos.

c) A secretaría, que corresponderá á persoa titular do servizo con competencias en materia de museos.

d) Oito vogalías, *que serán designadas pola persoa titular da consellería con competencias en materia de centros museísticos*, entre persoas vinculadas ao ámbito cultural e museístico da Comunidade Autónoma de Galicia, con criterios de pluralidade e representatividade das distintas modalidades de centros que regula a lei".

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 957 691 Fax: 981 957 690
igualdade@xunta.gal
http://igualdade.xunta.gal/

De acordo con todo o indicado, INFORMO:

Que o proxecto normativo analizado é respectuoso coa normativa en materia de igualdade entre mulleres e homes, sen prexuízo de ter en conta as consideracións efectuadas no presente informe para unha mellor aplicación transversal do principio de igualdade por razón de xénero.

Santiago de Compostela, 22 xullo de 2019

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella